



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

23. NOV 2002 04700

SANDA

Mediante Resolución rectoral do 3 de outubro de 2002 de adaptación e interpretación dos planos de estudio do 2002 da Escola Politécnica Superior do Campus de Lugo publícanse as correspondentes táboas de adaptación destes planos de estudio.

A táboa de adaptación correspondente á titulación de Enxeñaría Técnica Forestal establece que a materia "Proxectos" do plano de 1992 adaptase por créditos optativos ou de libre elección.

Segundo o informe do centro e o propio plano de estudos de 1992 esta materia figuraba con 8 créditos estando incluídos na mesma os 5 créditos correspondentes á realización do Proxecto Fin de Carreira, polo que, a diferenza das demais titulacións, o Proxecto Fin de Carreira non se consideraba materia independente.

Esta situación provocou que os alumnos recibiran 8 créditos de docencia na materia Proxectos do plano de estudos de 1992.

Tendo en conta a Resolución do 3 de outubro de 2002 da USC pola que se publica o plano de estudos de Enxeñeiro Técnico Forestal, Especialidade Explotacións Forestais (BOE do 25 de outubro), as Normas de Xestión Académica e logo do informe do Centro

RESOLVO

Primeiro.-Modifica-la táboa de adaptación da titulación de Enxeñaría Técnica Forestal, Especialidade de Explotacións Forestais, publicada mediante resolución do 3 de outubro de 2002 no relativo á materia "Proxectos" do plano de 1992 que deberá adaptarse pola materia Proxectos do plano de 2002, en vez de por créditos optativos ou de libre elección.

Segundo.- A Unidade de Xestión Académica do Campus de Lugo actuará de oficio en relación cós alumnos que solicitaran a adaptación ó plano 2002 para que a súa resolución se axuste ó establecido na presente resolución.

Terceiro.- O alumnado, como consecuencia desta resolución poderá modifica-la matrícula realizada ou solicita-la devolución dos prezos públicos que de se-lo caso corresponda.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2002.

**O VICERRECTOR DE CALIDADE E
PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA,**

(R.R. do 14 de novembro de 2002)



José Sordo Rodríguez

Sr. Vicerrector de Organización Académica e Profesorado; Sr. Secretario Xeral; Sr. Director da Escola Politécnica Superior; Sr. Xefe da Asesoría Xurídica; Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica; Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica; Sra. Xefa da Unidade de Xestión Académica do Campus de Lugo; Sr. Director do COIE; Sr. Responsable Académico dos Servizos Informáticos.